

"VOU AO  
reencontro  
dos teus  
ollos, neno.  
Teño espetada  
en min a  
lembranza  
deles:  
dúas pérolas  
que rolan por  
incertos  
vieiros,  
dous tenros  
gromos,  
dúas caixiñas  
azúes  
que gardan  
pebidas de  
saudade"

Xosé Neira Vilas



## XOSÉ NEIRA VILAS: AQUEL NENO



**CPI DE SAN  
SADURNIÑO  
BIBLIOTECA E EDL**

## Unha obra diversa

Xosé Neira Vilas é narrador, poeta, ensaísta e tradutor. Entre as súas novelas e libros de relatos figuran: *Xente no rodicio*, *Camiño bretemoso*, *A muller de ferro*, *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos do moncho*, *Querido Tomás...*

É autor dunha ampla obra de investigación sobre o papel dos emigrantes galegos en América: *Galegos no Golfo de México*, *Castelao en Cuba*, etc. Ademais, escribiu en colaboración coa súa dona, Anisia Miranda, *Cantarolas e contos prá xente miúda* e *Cantarolas*.

## Memorias dun neno labrego

A novela *Memorias dun neno labrego* publicouse en Arxentina no ano 1961. É un dos libros escritos en galego máis traducidos, lidos e editados. Lembremos o seu inicio:

"Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Como quen dis, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña."

En 2010 o suplemento "Lucas" do xornal *El País* recolleu as opinións de doce escritores sobre a novela de Balbino.

"Impactárame moitísimo o inicio, lémbroo con clareza"

Rosa Aneiros



"Os lectores dos 70 son os pais de agora. A vida dos nenos cambiou tanto nunhas poucas décadas que moitas veces non o apreciamos. O libro reflicte moi ben a vida deses rapaces"

Marilar Aleixandre

"A primeira lectura mesmo me lembrou

a *Matar un ruiseñor* polo seu entorno rural e o protagonista infantil"

Bieito Iglesias

"Está no substrato e exerce influencia mesmo sen que te decates"

Agustín Fernández Paz

## Aquel neno

Xosé Neira Vilas vén de publicar en Edicións Embora o libro *Aquel neno*, ao que pertencen os seguintes anacos:

"Este neno que aquí vai pode chamarse Balbino, Moncho, Toño, Lelo, etc., ou sexa, pode ser máis ou menos algún destes meus nenos literarios. Pero tamén pode ser o neno que eu mesmo fun e que aínda que queda lonxe o sigo sendo, non o do carné de identidade, nin o do pasaporte, nin o que aparece na cuberta deste e doutros libros dos que son 'culpable, senón de Pepe de Santiaguíño, ou Pepiño de Gres, que así me chamaban cando comezaba a atoutiñar sobre a codia do mundo'."

"Aquel neno case non o foi. Coma quen di, naceu adulto. Pasou pola infancia sen decatarse maiormente dela, ou véndoa de esguello. Foi agarimado ata onde era posible naquel seu mundo de miserias a eito."

## Enlaces de interese

Fundación Xosé Neira Vilas  
<http://www.fundacionxoseneiravilas.com/portada.php>

Facebook

[https://www.facebook.com/xoseneiravilas?\\_fb\\_noscript=1](https://www.facebook.com/xoseneiravilas?_fb_noscript=1)

Ficha do autor na AELG

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor258>